

CONCURSO DE INICIATIVAS COOPERATIVAS 2013

Participantes

Poderán participar neste concurso as persoas físicas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos/as de emprego, de grupos de acción local, das oficinas de fomento cooperativo e da Rede Eusumo, das asociacións de cooperativas, das Consellerías do Medio Rural e do Mar e de Traballo e Benestar, orientadores e orientadoras educativos e laborais, así como asesores e consultores de cooperativas. Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas físicas, maiores de idade e de calquera nacionalidade, impulsores de proxectos empresariais cooperativos.

Presentación dos proxectos

Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. A participación en máis dun proxecto unicamente será admisible cando sexan proxectos de diferente modalidade (individual e colectivo).

A solicitude de participación xunto co proxecto presentarase na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar, edificio administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

Premios

Un único premio de 6.000 euros, que se repartirán entre os/as autores/as que elaboraron o proxecto premiado. Será obrigatoria a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión. O prazo para presentación da documentación xustificativa para o pagamento rematará o 30 de setembro de 2013.

Prazo

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 15 de maio de 2013.

As bases da convocatoria pódense consultar na web www.cooperativasdegalicia.coop e no Diario Oficial de Galicia número 71, publicado o día 12 de abril de 2013.


Máis información www.cooperativasdegalicia.coop
Consello Galego de Cooperativas 881 999 268



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



eusumo
Cooperativismo e Economía Social



XUNTA
DE GALICIA